

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/13	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	05 de maio de 2022
Duración	Dende as 13:10 ata as 13:50 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	María Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ
Non asiste sen excusa:		
35251841V	Jesús Taboada Lázara	NON

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 21.04.2022	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 21 de abril de 2022.

Expediente 21/2022. Contratacións. CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

I.- Visto o informe de necesidade de data 20/04/2022, elaborado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

II.- Visto que acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 21/04/2022, aprobouse o inicio do expediente de contratación POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022 polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas asinado polo arquitecto municipal.

IV.- Visto o informe de Secretaría n. 44/2022 de data 02/05/2022.

V.- Visto o informe de Intervención número 45 de data 03/05/2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022 POR LOTES, por importe de 44.200,00 euros mais 9.282,00 euros de IVE.

Segundo.- Aprobalo lo gasto por importe de 53.482,00 euros con cargo á aplicación presupostaria 172-22799.

Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de servizos.

Terceiro.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no perfil do contratante do Concello de Silleda, para que no prazo de 15 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 1605/2021. Solicitud de Licenza urbanística para construción dunha nave almacén para resguardo de maquinaria agrícola

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Por Manuel Iglesias Candá, con DNI *****, presentouse escrito o día 11/09/2021 (RE 973/2021), polo que se solicita licenza urbanística para construción dunha nave almacén para resguardo de maquinaria agrícola, sita no Lugar de Sestelo- Escuadro, leda, (ref. cat. 36052M503001140000FP).

Aporta proxecto técnico sen visado colexial elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García, colexiado nº 1.666 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas da Coruña. E oficios de dirección da obra de data 11/06/2021, nomeando ao técnico Ramón Moreira García.

2º.- Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 22/02/2021.

3º.- Consta informe do técnico municipal Lino M. Doporto Framil, de data 24/03/2022, no que advirte a existencia de defectos na documentación presentada polo interesado que deberán ser emendados, facéndose requirimento nese sentido en data 24/03/2022 (RS 359).

4º.- Consta autorización de Medio Rural por tratarse de fincas de concentración parcelaria de data 21/07/2021. Concentración parcelaria da zona de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas (Silleda-Pontevedra), declarada de utilidade pública e urxente ocupación polo decreto 2195/1967, de 19 de agosto, e finalizou o 21/12/1976, coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Como resultado do proceso de concentración, definiuse o predio de reemprazo 114 do polígono 3 como parte de dita acta.

5º.- Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente N21-0454, de data 06/10/2021.

6º.- Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 08/04/2022.

7º.- Consta informe de Secretaria número 43/2022, de data 29 de abril.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- As obras suxeitas a licenza urbanística, son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da

edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópanse “tódalas demais edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos anteriores”, podendo incluír aquí unha nave de maquinaria agrícola.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e desenvólvanse nunha soa planta.

Segundo.- Seguiuse o procedemento para o outorgamento das licenzas atópase regulado no artigo 143 da LSGA. E a solicitude contén os datos recollidos no artigo 353 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

Terceiro.- O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, non podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso. Constan no expediente as autorizacións sectoriais indicadas nos informes técnicos, non establecendo ningún tipo de condicionante.

Cuarto.- A licenza urbanística é un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de carácter regrado, por virtude do que se leva a cabo un control previo da actividade proxectada polo administrado, verificando se se axusta ou non á ordenación urbanística, tendo pois a licenza unha natureza estritamente regrada, polo que se outorgará ou denegará, preceptivamente, segundo que a actuación pretendida se axuste ou non a tal ordenación, sen que o órgano competente para isto poida tomar a súa decisión en base a consideracións doutro tipo (STS 02.04.98 e 16.03.98, entre outras e arts. 350.1 RLSG e 143.1 LSG). Debido a este carácter regrado, as licenzas urbanísticas deben outorgarse ou denegarse segundo que a actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable.

De conformidade co art. 350.3 do RLSG, as licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. No outorgamento da licenza examínase a legalidade urbanística, o que impide que sexan cuestionadas e decididas cuestións sobre a titularidade dominical dos terreos. A través da licenza urbanística a Administración municipal actúa un control de legalidade, pero non de legalidade en xeral, senón da legalidade urbanística. De aquí deriva que non corresponde á Administración controlar, a través da licenza, a titularidade dominical dun terreo sobre o que se pretende construír, xa que o control que implica a licenza refírese aos aspectos urbanísticos da actuación proxectada e non a cuestións de propiedade, agás que a licenza solicitada afecte ao dominio público, ou incluso a bens patrimoniais de titularidade municipal (SSTS 25.07.89, 03.07.91, art. 11.3 RDUG actualmente derogado).

Quinto.- A construción obxecto deste informe atópase en solo clasificado segundo informe do técnico municipal como “solo rústico de protección agropecuaria”, o uso declarado polo interesado é

o de parque de galpón agrícola.

O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Segundo informe emitido por Medio Rural “Concentración parcelaria da zona de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas (Silleda-Pontevedra), declarada de utilidade pública e urxente ocupación polo decreto 2195/1967, de 19 de agosto, e finalizou o 21/12/1976, coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Como resultado do proceso de concentración, defineuse o predio de reemprazo 114 do polígono 3 como parte de dita acta.”

Deste xeito o solo sobre o que se pretende realizar a construción do muro de contención e peche é solo rústico de protección agropecuaria.

Sexto.- RÉXIME DO SOLO RÚSTICO.

O artigo 35.1, g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, establece como usos e construcións autorizados en solo rústico os seguintes: “Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros”.

Completa esta regulación o Regulamento da Lei do Solo, que no seu artigo 50, establece literalmente: *“Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse ao uso residencial, polo que queda prohibido que contén con instalacións que, no seu conxunto, denoten ese uso”.*

Este uso é compatible con calquera clase de solo rústico, sen necesidade de autorización autonómica previa tal e como establece o artigo 36 da 2/2016, de 10 de febreiro, sen embargo ao tratarse dun solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal. Esta autorización consta no expediente.

En base ao disposto no informe do técnico municipal e no informe de Secretaría a Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de

20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a Manuel Iglesias Candá, con DNI ****916**, presentouse escrito o día 11/09/2021 (RE 973/2021), polo que se solicita licenza urbanística para construción dunha nave almacén para resguardo de maquinaria agrícola, sita no Lugar de Sestelo- Escuadro, leda, (ref. cat. 36052M503001140000FP).

Aporta proxecto técnico sen visado colexial elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García, colexiado nº 1.666 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas da Coruña. E oficios de dirección da obra de data 11/06/2021, nomeando ao técnico Ramón Moreira García

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García, colexiado nº 1.666 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas da Coruña, cuxo presuposto de execución material ascende a 145.061,28 euros e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra Ramón Moreira García.

A construción proxectada situarase en solo rústico de protección agropecuaria.

CADRO PARÁMETROS URBANÍSTICOS	
PARÁMETROS	PROXETO
Usos	Agrícola
Superficie parcela	8.099,00 m ²
Superficie construción	861 m ²
Ocupación	11%
Altura	6,10 m
Recuamento a lindeiros	7,20 m
Separación vía pública	4 m

Segundo.- O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro.- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto.- Aprobar a liquidación correspondente ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.263,88 euros, e a taxa por expedición de informe urbanístico por importe de 60,00 euros.

Sétimo.- Deberase acreditar o cumprimento do artigo 39 da Lei do Solo de Galicia, que establece expresamente “que para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística haberá de xustificarse o cumprimento do seguinte requisito polo interesado: “farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica”.

Deberase comunicar ao Rexistro da Propiedade o título habilitante que ampare esta ampliación co fin de adaptar a inscrición as novas dimensións.

Non podéndose iniciar a execución das obras, en tanto non se cumprimente este trámite.

Expediente 1435/2021. Solicitud de Licenza urbanística para construción de galpón para almacenaxe de materiais e maquinaria agrícola e gandeira

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Por David Cerdeira Canicoba, con DNI *****; actuando en nome e representación de Integraciones Silleda SL con CIF número B94064912 presentouse escrito o día 06/08/2021 (RE 854/2021), polo que se solicita licenza urbanística para construción dun galpón agrícola na parcela sita no Lugar de Ponte, Silleda, (ref. cat. 36052G508006090000RK).

Aporta proxecto técnico denominado “Construción de galpón para almacenaxe de materiais e maquinaria agrícola e gandeira” sen visado colexial elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola

DAVID CERDEIRA CANICOBA, colexiado nº G862 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos.

2º.- Consta autorización de Medio Rural por tratarse de fincas de concentración parcelaria da zona de O Castro e A Ponte, no Concello de Silleda, foi declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto 217/1986, do 4 de xuño (DOG 04/06/1986), e finalizou o 30/01/1995 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Como resultado do proceso de concentración, definiuse o predio de reemprazo 609 do polígono 8 como parte de dita acta.

3º.- Consta ingresada a cantidade de 1.263,64 euros en concepto de liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, e a cantidade de 60,00 euros, en concepto de taxa por emisión de informe urbanístico en data 05/08/2021.

4º.- Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doportó Framil, de data 26/08/2021.

5º.- En data 25/02/2022, (RE 179) preséntase proxecto básico denominado “Galpón para almacenaxe de materiais e maquinaria agrícola e gandeira”, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, co número 14.523, e elaborado por David Cerdeira Canicoba.

6º.- Consta informe do técnico municipal de data 30/03/2022 desfavorable á concesión da licenza.

7º.- Consta emitido informe de secretaria de requirimento nº 34, de data 21 de marzo de 2022.

8º.- Realizado o requirimento polo interesado preséntase contestación en data 08/04/2022 (RE 361).

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- OBRAS SUXEITAS A LICENZA URBANÍSTICA.

As obras suxeitas a licenza urbanística, son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópanse “tódalas demais edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos anteriores”, podendo incluír aquí unha nave de maquinaria agrícola.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e desenvólvanse nunha soa planta.

Segundo.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

A construción obxecto deste informe atópase en solo clasificado segundo informe do técnico municipal como “solo rústico de protección agropecuaria”.

O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Segundo informe emitido por Medio Rural “A concentración parcelaria da zona de O Castro e A Ponte, no Concello de Silleda, foi declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto 217/1986, do 4 de xuño (DOG 04/06/1986), e finalizou o 30/01/1995 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Como resultado do proceso de concentración, definiuse o predio de reemprazo 609 do polígono 8 como parte de dita acta.”

Deste xeito o solo sobre o que se pretende realizar a obra é solo rústico de protección agropecuaria.

Terceiro.- RÉXIME DO SOLO RÚSTICO.

No artigo 35 da LSG e 50 do RLSG regúlanse os usos e as actividades permitidas en solo rústico.

O interesado declara como o obxecto da actuación o seguinte:

- **No primeiro proxecto presentado indícase**: con la finalidad de proceder a la construcción de un galpón agrícola para el almacenaje de productos agrícolas y ganaderos así como la construcción de una solera para el aparcamiento de camiones de traslado de ganado porcino procedente de una explotación cercana en el lugar de Ponte.

- **No segundo proxecto presentado o interesado declara o seguinte**: con la finalidad de proceder a la construcción de un galpón agrícola para el almacenaje de productos agrícolas y ganaderos. El uso previsto es el almacenaje de productos y material agrícola y ganadero.

No segundo proxecto presentado parece que o interesado desiste da construción da solera para o aparcamento de vehículos de traslado do gando. Sen embargo, nos antecedentes dos dous proxectos segue facendo referencia ao aparcamento:

“Don Luis González Souto quiere llevar a cabo la construcción de un galpón agrícola, el cierre de la parcela así como la ejecución de una solera para el aparcamiento de camiones destinados al traslado de ganado procedente de una explotación porcina cercana”.

A solera conta cunha superficie de 3.590,00 metros cadrados, que a pesar de non facer referencia a ela na memoria do segundo proxecto presentado, o certo é que nos planos segue figurando, cunha diferenza entre os planos do primeiro e o segundo proxecto, xa que no primeiro proxecto aparecen debuxadas as prazas de aparcamento dos camiós, sobre 19, mentres que no segundo elimínanse as prazas, pero mantense a solera.

Por outra banda os proxectos carecen de documentos esenciais coma a memoria urbanística, que aínda que si está referenciada nos proxectos, considérase incompleta. Así mesmo, carece da memoria de actividade esixida no artigo 364 do RLSG, no que se dispón que cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esta circunstancia, e xunto coa solicitude da licenza, acompañarase a documentación recollida no citado artigo.

Deste xeito, tendo en conta que no primeiro dos proxectos recóllese a construción dun galpón para almacenaxe de materiais e maquinaria agrícola e gandeira, e por outra banda, a construción dunha solera de 3.500 metros cadrados para o estacionamento de vehículos destinados ao traslado de gando porcino, que ou ben, se trata dunha actividade independente ou ben complementaria doutra en funcionamento, posto que na memoria urbanística do primeiro proxecto indícase que “a construción do almacén obxecto desta intervención, para resgardar apeiros agrícolas, necesario para as tarefas diarias a desenvolver na explotación do promotor”, e continúa explicando que: “ a finca se adapta ao tipo de actividade a desenvolver e polo que se pide a correspondente autorización “construción de almacén”, no sentido de que a finca:

- É propiedade do promotor.
- Atópase próxima aos predios que traballa o promotor.
- Cumpre coa superficie e edificabilidade requirida.
- Ten bo acceso para a maquinaria e vehículos de transporte.

Do descrito,ponse de manifesto que o almacén agrícola e a solera para aparcamento de vehículos serven á actividade do promotor. Na escritura de compravenda da finca, achegada ao expediente, na que aparece como dono da finca o promotor desta actuación, Integracións Silleda SL, especificanse as actividades que constitúen o obxecto social da empresa estando todas elas relacionadas coa actividade porcina. Do que se pode concluír que as obras obxecto de licenza complementan esta actividade que o promotor desenvolve noutros predios.

Do análise da solicitude presentada, dos proxectos aportados e do informe do técnico municipal, informouse no informe número 34/2022, de 21 de marzo, que procedía requirirle ao interesado a seguinte documentación.:

- Solicitude de licenza en modelo oficial no que conste a totalidade das obras que se pretenden executar, e se precise o seu uso e destino.
- Que se complete o proxecto básico coa información necesaria para poder facernos un xuízo de valor sobre a viabilidade da actuación pretendida, completando, en todo caso, a memoria

urbanística, e a documentación recollida no artigo 353 do RLSG. Deberá quedar correctamente xustificada a vinculación dos usos solicitados coa explotación racional dos recursos naturais.

- Que se achegue a documentación establecida no artigo 364 RLSG, “obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade”. Deberase indicar expresamente na memoria explicativa da actividade onde se procederá a limpeza e desinfección dos camiós de traslado de gando, tendo en conta que os medios de transporte utilizados, unha vez realizada a descarga de animais, salvo o de animais domésticos e os que trasladen as colmeas de abellas, deben ser limpados de residuos sólidos, lavados e desinfectados con produtos autorizados, no centro de limpeza e desinfección mais próximo habilitado para tal fin, o cal expedirá un xustificante da labor realizada, que deberá acompañar ao transporte.

- Deberán corrixirse as contradicións existentes entre os dous proxectos presentados no expediente.

O interesado presenta contestación ao requirimento no que expón o seguinte:

*“D. David Cerdeira Canicoba, ingeniero agrónomo colegiado COIAG G862, con DNI ****583** y domicilio a efectos de notificación en C/Progreso nº5 1ºB Silleda CP 36540 Silleda (Pontevedra), en referencia al requerimiento con fecha 04/04/2022 del expediente 1435/2021, de construcción de galpón agrícola, en la parcela con referencia catastral 36052G508006090000RK, como redactor del proyecto básico del expediente citado anteriormente realizo las siguientes aclaraciones:*

- El proyecto básico visado en el COIAG con fecha 25/02/2022 y código de validación FVAN7UPMAHIBNNCT substituye al presentado anteriormente.

- Con respecto al apartado de limpieza y desinfección de vehículos de ganado, estos vehículos serán limpiados de residuos sólidos, lavados y desinfectados con productos autorizados en los centros de desinfección de Silleda, Lalín, en los centros de los mataderos donde se descarguen los animales del promotor o en otros cercanos a las naves que gestionen, siempre claro está con el justificante del labor realizado. Pero, a mayores, por una mayor seguridad animal, una vez desinfectados en los centros mencionados, en la edificación objeto del expediente, en su parte norte descrita en los planos como almacenaxe de maquinaria, se dispondrá de una maquina desinfectante en base a ozono, la cual hará una segunda desinfección, para una mayor seguridad animal.

- En el proyecto básico visado anteriormente se describe el uso dedicado a la edificación. Pero en la parcela, se estacionarán los vehículos de transporte de ganado porcino desinfectados, según el punto 35.1.f y 35.1.g de la LSG.

Consta así mesmo presentada a solicitude de licenza en impreso oficial para “Galpon para almacenaxe de materias e maquinaria agrícola e gandeira”.

O interesado indica que o proxecto visado en data 25/02/2022 substitúe ao anterior. Este último proxecto indica que as obras a realizar consisten “na construción dun galpón de 397m², distribuído en dúas zonas: unha zona aberta destinada a almacenaxe e aparcamento de maquinaria agrícola e gandeira, e por outro lado, unha zona pechada para o almacenxe de materiais agrícolas, tales como serrín, viruta, penso, etc.” Sen embargo, nos antecedentes tamén se indica que: “Don Luis González Souto quiere llevar a cabo la construcción de un galpón agrícola, el cierre de la parcela así como la

ejecución de una solera para el aparcamiento de camiones destinados al traslado de ganado procedente de una explotación porcina cercana”.

Mantense polo tanto a intención do interesado dá execución dunha solera onde se aparcarán os camións da súa empresa, aínda que retira a súa mención do apartado “obxecto do proxecto” continúa debuxada no plano A02 do segundo proxecto. Este plano é similar ao mesmo plano A02 do primeiro proxecto, no que se indica que a dimensión da soleira é de 3.590 m2.

Por outra banda, no primeiro proxecto indicase como obxecto das obras a construción tamén dun muro de peche, muro de peche que se quita do segundo proxecto, pero aínda así os presupostos de ámbolos dous proxectos son idénticos, o que fai pensar que o segundo proxecto a pesar de non contemplar a soleira claramente e o muro de peche, si van ser executados por estar presupostados.

No requirimento efectuado, indicóuselle ao interesado que tiña que xustificar, entre outras cousas, a vinculación dos usos solicitados coa explotación racional dos recursos naturais, posto que o uso 35.1 f) RLSG que solicita, segundo o artigo 50.1, f) RLSG “ depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre “deberán gardar relación directa coa explotación racional dos recursos naturais do solo rústico”. Non consta esta xustificación no cumprimento do requirimento, so se limita a confirmar que *“En el proyecto básico visado anteriormente se describe el uso dedicado a la edificación. Pero en la parcela, se estacionarán los vehículos de transporte de ganado porcino desinfectados, según el punto 35.1.f y 35.1.g de la LSG”* o que ademais de non cumprir o requirimento xustificando a viabilidade deste uso, pon en evidencia o feito de que o segundo proxecto mantén o mesmo obxecto do primeiro.

En canto, ao terceiro punto do requirimento, no que se lle pedía unha pequena memoria de actividade de conformidade co disposto no artigo 364 RLSG, “obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade”. Non consta aportada ao proxecto e polo tanto non se pode entender cumprido tampouco este punto do requirimento, xa que o interesado alega que o galpón está vinculado a unha actividade. Limitase a contestar simplemente que: *“Con respecto al apartado de limpieza y desinfección de vehículos de ganado, estos vehículos serán limpiados de residuos sólidos, lavados y desinfectados con productos autorizados en los centros de desinfección de Silleda, Lalín, en los centros de los mataderos donde se descarguen los animales del promotor o en otros cercanos a las naves que gestionen, siempre claro está con el justificante del labor realizado. Pero, a mayores, por una mayor seguridad animal, una vez desinfectados en los centros mencionados, en la edificación objeto del expediente, en su parte norte descrita en los planos como almacenaxe de maquinaria, se dispondrá de una maquina desinfectante en base a ozono, la cual hará una segunda desinfección, para una mayor seguridad animal”.*

Con esta información, o que está facendo é poñer en dúbida a súa declaración da non necesidade de contar o galpón co servizo de enerxía eléctrica, cando se entende que a máquina de ozono funcionará con algún tipo de subministro eléctrico.

Polo exposto, e visto o informe desta Secretaría número 42/2022, de 29 de abril, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Declarar desistido da súa petición a Integraciones Silleda SL con CIF número

B94064912, presentada o día 06/08/2021 (RE 854/2021), polo que se solicitaba licenza urbanística para construción dun galpón agrícola na parcela sita no Lugar de Ponte, Silleda, (ref. cat. 36052G508006090000RK), en base ao proxecto denominado “Construción de galpón para almacenaxe de materiais e maquinaria agrícola e gandeira” sen visado colexial elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola DAVID CERDEIRA CANICOBA, colexiado nº G862 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos, polos motivos expostos nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Arquivar o expediente número 1435/2021 de solicitude de licenza urbanística para construción de galpón para almacenaxe de materiais e maquinaria agrícola e gandeira, promovido por Integraciones Silleda SL con CIF número B94064912.

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos interesados.

Expediente 326/2022. Procedemento aberto simplificado servizos - DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE - NATURALMENTE NOSO: NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO FRONTE A RUA MORÓN

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 326/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, motivando a urxencia da súa inclusión no presente orde do día por ser necesario adxudicar as direccións facultativas canto antes, para poder iniciala obra canto antes.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Ditada Providencia de solicitude de informes en data 25/04/2022. Non constan emitidos os informes preceptivos como é o de Secretaría necesarios para a correcta validez do acto que se quere ditar, o que se advirte antes da adopción do presente acordo.

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 05 de maio de 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 07/04/2022 adoptou o acordo de aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do contrato de servizos de DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE - NATURALMENTE NOSO: NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO FRONTE A RUA MORÓN. Habéndose publicado o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Estado, o día 08/04/2022.

Por Abraham Castro Neira , con D.N.I. nº 76.817.198-G, presentouse escrito o día 22/04/2022, polo que “solicitude de revisión de oficio e/ou subsidiario recurso administrativo de impugnación para declaración de nulidade e anulación do prego de cláusulas administrativas particulares que deben rexer no contrato administrativo de servizos denominado “dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde para a execución do proxecto básico e de execución para a nova casa consistorial de Silleda”, a adxudicar por procedemento aberto simplificado”.

O Interventor e a Secretaria a solicitude da Alcaldía emiten a súa opinión xurídica sobre o recurso presentado na propia sesión do órgano colexiado.

O Sr. Alcalde decide continuar igualmente coa tramitación do expediente dada a urxencia de resolver o procedemento de contratación das direccións facultativas para a execución do proxecto da Nova Casa Consistorial. A vista da proposta do alcalde **a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Abraham Castro Neira, en data 22/04/2022, contra o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen do procedemento de contratación de servizos denominado “DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE para a execución do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA”, en base as seguintes motivacións:

Estimase a primeira alegación polos seguintes motivos:

A disposición adicional 4ª da Lei 38/1999, de 05 de novembro, de ordenación da edificación establece en relación á coordinación en materia de seguridade e saúde o seguinte:

“Las titulaciones académicas y profesionales habilitantes para desempeñar la función de coordinador de seguridad y salud en obras de edificación, durante la elaboración del proyecto y la ejecución de la obra, serán las de arquitecto, arquitecto técnico, ingeniero o ingeniero técnico, de acuerdo con sus competencias y especialidades”.

Siendo obras de edificación las recogidas en el artículo 2.1 de la LOE:

“Esta Ley es de aplicación al proceso de la edificación, entendiendo por tal la acción y el resultado de construir un edificio de carácter permanente, público o privado, cuyo uso principal esté comprendido en los siguientes grupos:

- a) Administrativo, sanitario, religioso, residencial en todas sus formas, docente y cultural.*
- b) Aeronáutico; agropecuario; de la energía; de la hidráulica; minero; de telecomunicaciones (referido a la ingeniería de las telecomunicaciones); del transporte terrestre, marítimo, fluvial y aéreo; forestal; industrial; naval; de la ingeniería de saneamiento e higiene, y accesorio a las obras de ingeniería y su explotación.*
- c) Todas las demás edificaciones cuyos usos no estén expresamente relacionados en los grupos anteriores”.*

En base a Sentenza 438/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contencioso-administrativo secc. 2, procedemento ordinario 4112/2018, estímase a presente alegación, que dispón “*Que non se cuestiona que os Enxeñeiros Industriais podan ser autores e coordinadores de Estudos de Seguridade e Saúde, pero isto será en relación cos proxectos das competencias propias das súas específicas titulacións, pero non no que se refire as obras previstas no grupo a) do apartado 1 do artigo 2*”.

Desestímase a segunda alegación polos seguintes motivos: Enténdese que a fórmula da a mellor puntuación á oferta mais baixa cumprindo os requisitos necesarios de calquera fórmula que soamente valora o criterio prezo.

Segundo.- Modificar o prego de cláusulas administrativas particulares no apartado 9 do Anexo I, relativo á habilitación empresarial e profesional esixida para a coordinación en materia de seguridade e saúde, quedando redactado do seguinte xeito:

“COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE

Arquitectos e Arquitectos Técnicos, Aparelladores ou enxeñeiros da edificación, colexiados.

Terceiro.- Proceder á apertura dun novo prazo de presentación de ofertas, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no perfil do contratante do Concello de Silleda, para que no prazo de 15 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes. Os licitadores que houberen presentados as súas ofertas poderán retiralas e presentar unhas novas durante o novo prazo, ou ben, mantelas xa presentadas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda